

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

RESOLUCIÓN do 13 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se modifica a Resolución do 2 de maio de 2025 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U) (Diario Oficial de Galicia número 250, do 30 de decembro).

Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 30 de decembro de 2024 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 250 a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U) (en diante, Orde do 17 de decembro de 2024).

Segundo. Con data do 16 de abril de 2025 ditouse a resolución de concesión das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.

Terceiro. Con data do 15 de maio de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 92 a Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.

No anexo II da Resolución do 2 de maio de 2025 relaciónanse as entidades locais cuxas solicitudes de axuda foron inicialmente desestimadas por esgotamento de crédito.



Cuarto. Con data do 19 de maio de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 13 de maio de 2025 pola que se amplía o crédito existente para as axudas convocadas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.

Quinto. Con data do 26 de maio de 2025 ditouse a resolución de modificación da Resolución do 16 de abril de 2025 de concesión das axudas convocadas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.

Segundo o establecido no artigo 16.4 da Orde do 17 de decembro de 2024 en concordancia co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procede publicar no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión das axudas convocadas ao abeiro da dita orde.

En consecuencia,

RESOLVO:

Modificar a Resolución do 2 de maio de 2025, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da Unión Europea no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025, para darlle publicidade ás novas axudas concedidas ao abeiro da citada Orde do 17 de decembro de 2025, relacionadas no anexo I desta resolución.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

María José Echevarría Moreno
Directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

ANEXO Beneficiarios

Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta artigo 15.3)	Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Custo total subvencionable	Contía da axuda
63	1	EELL-0014-2025-RES	Concello de Touro (*)	P1508600B	3	65.000,00 €	28.631,28 €

CVE-DOG: ftwoppu5-rgg6-bd91-bnw5-cclc4cf23ks2



Puntuación (artigo 15.2)	Prelación tendo en conta artigo 15.3)	Expediente	Solicitante	NIF	Liña	Custo total subvencionable	Contía da axuda
62	2	EELL-0055-2025-RES	Concello de Mondariz	P3603000E	3	105.500,00 €	89.991,50 €
61	3	EELL-0006-2025-RES	Concello de Cabanas	P1501500A	3	14.950,00 €	13.455,00 €
61	4	EELL-0078-2025-RES	Concellos de Fornelos de Montes	P3601900H	3	7.500,00 €	6.750,00 €
61	5	EELL-0060-2025-RES	Concello de Nogueira de Ramuín	P3205300A	3	32.592,01 €	29.332,81 €
60	6	EELL-0010-2025-RES	Concello de Carballo	P1501900C	3	15.000,00 €	13.500,00 €
60	7	EELL-0097-2025-RES	Concello de Gondomar	P3602100D	3	33.260,00 €	29.268,80 €
60	8	EELL-0004-2025-RES	Concello de Paderne	P1506500F	3	90.000,00 €	81.000,00 €
55	9	EELL-0068-2025-RES	Concello de Curtis	P1503200F	3	43.800,00 €	39.420,00 €
53	10	EELL-0087-2025-RES	Concello de Valga	P3605600J	3	75.000,00 €	67.500,00 €
53	11	EELL-0063-2025-RES	Concello das Neves	P3603400G	3	82.000,00 €	73.800,00 €
52	12	EELL-0030-2025-RES	Concello de Chantada	P2701600E	3	40.000,00 €	36.000,00 €
51	13	EELL-0001-2025-RES	Concello de Laxe	P1504100G	3	7.300,00 €	6.497,00 €
50	14	EELL-0040-2025-RES	Concello de Agolada	P3602000F	3	8.750,00 €	7.875,00 €
49	15	EELL-0035-2025-RES	Concello de Crecente	P3601400I	3	14.900,00 €	13.410,00 €
48	16	EELL-0080-2025-RES	Concello de Baleira	P2700400A	3	4.065,00 €	3.658,50 €
46	17	EELL-0088-2025-RES	Concello de Ortigueira	P1506200C	3	14.975,00 €	13.477,50 €
38	18	EELL-0002-2025-RES	Concello de Pedrafita do Cebreiro	P2704500D	3	56.170,00 €	50.553,00 €
37	19	EELL-0034-2025-RES	Concello da Pastoriza	P2704400G	3	44.261,80 €	39.835,62 €
36	20	EELL-0072-2025-RES	Concello de Guntín	P2702300A	3	73.457,41 €	66.111,67 €
35	21	EELL-0062-2025-RES	Concello de Pontedeume	P1507000F	3	90.000,00 €	81.000,00 €
				Total			791.067,68 €
(*) O importe finalmente outorgado ao Concello de Touro ascende á cantidade de 58.500 euros.							

